

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE ABRIL DE 2014.

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 14 de abril de 2014

HORA DE COMEZO: 20:15 h.

HORA DE REMATE: 21:00 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 31 de marzo de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 10 DE ABRIL DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

MENORES

EXPEDIENTE Nº 24.543.- A Carmen Bermudez de la Torre, con enderezo en Rozabales 45 -Aldan, para en Rozabales - Aldan, construír un cerco de 81,00 metros, de conformidade coa documentación presentada, pero distando a 6,30 metros do eixo da estrada tal como indica a Autorización da Deputación Provincial de data 6 de xuño de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.896.- A Susana Bermudez Casas, con enderezo en Cimadevila 42 - Darbo, para no referido lugar, pintar e chapear as fachadas exteriores en 80 m2 de

planta baixa e 100 m2 de primeiro andar, de conformidade co estudo técnico visado o 19 de marzo de 2.014.

EXPEDIENTE Nº 24.903.- A Nuria Rodriguez González, con enderezo en Figueiras 6 - Bembrive 36213 Vigo, para en Nerga - Hio, construír un cerco de 85,92 metros, de lonxitude de acordo coas condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 2 de abril de 2.014, "Tendo en conta o tipo de peche proposto e observando as características paisaxísticas da contorna, non se considera axeitado o peche mediante malla metálica e bloque prefabricado de formigón xa que os peches opacos producen unha fragmentación visual que incide negativamente nas características da zona; tampouco se expoñen as razóns que fagan necesario este tipo de peche opaco. Considerase máis axeitado un peche mediante malla metálica que non supere 1,50 metros de alto.

Non se formulan obxeccións para a concesión da licenza municipal, sempre e cando se teñan en conta as recomendacións feitas".

2.A.2) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N 23.919.- O tramitado a instancia de MARITIMO RODEIRA S.L., con enderezo en Reboredo 32 - Coiro, para cerco en Ourelo - Darbo, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir máis de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 27 de agosto de 2.013.

2.B) COMUNICACIÓNS PREVIAS

EXPEDIENTE Nº 24.941.- José Perez Iglesias, conservación de edificación en Vilariño 3 - Aldan.

EXPEDIENTE Nº 1.726.- Cambio titularidade cafe - bar en Pintens - Hio.

2.C) **APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALOXAMENTO TEMPORAL POR SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL (SAT)

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 10.4.14, relativa a concesións do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situación de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Grafía García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de Intervención, elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a Delmar B.R., con expediente núm.: X1006104S, a prórroga da cesión do Servizo de Aloxamento Temporal, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAT, cunha duración prevista de prórroga de cesión de tres meses desde o 1 de abril de 2014."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

4º.- PROPOSTAS S/CONCESIÓN DE POSTOS DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

4.A) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 16 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-14/006)

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 16 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/02/2014 foi autorizada a transmisión da condición de concesionario do posto nº 27 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular D^a. Lucía Rodríguez González con DNI 78737150P a favor de D^a. Rebeca Rodríguez González DNI 78737149F advertíndolle, en cumprimento do disposto no Regulamento do Mercado

Municipal de Abastos en vigor, que debía comunicar ao Concello no prazo de dous meses dende a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

II.- Notificado o acordo anterior o 04/02/2014, dentro do período previsto regulamentariamente a tal efecto comunican que a transmisión se fixo efectiva mediante escrito de data 27/03/2014 con rexistro de entrada nº 3667 do 27/03/2014
CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón:

“ (...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses dende a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a tódolos efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adqui-lo posto.”

II.- De acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto á duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario dende a data de inicio da concesión e non dende a transmisión.

III.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do Regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto nº 27 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular D^a. Lucía Rodríguez González con DNI 78737150P a favor de D^a.Rebeca Rodríguez González DNI 78737149F.

SEGUNDO.- Declarar que D^a.Rebeca Rodríguez González DNI 78737149F, que xa era concesionaria do posto nº 26, ten adquirido a concesión do posto de peixe nº 27 da Praza de Abastos sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería.

Cangas, 4 de abril de 2014

Asdo. Berta Pérez Hernández

4.B) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO DE PEIXARÍA Nº 47 DO MERCADO DE ABASTOS MUNICIPAL

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO DE PEIXARÍA Nº 47 DO MERCADO DE ABASTOS

Visto o expediente tramitado para a adxudicación da concesión demanial de uso privativo de sete postos vacantes no mercado de abastos municipal.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a Mesa de Contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor dos Matadores que presentaron a oferta máis vantaxosa.

Visto que María del Carmen Filgueira Crespo, adxudicataria do posto n.º 47 chegou en tempo e forma a documentación que se lie requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva e abonou os gastos do anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión demanial do posto de peixaría n.º 47 do mercado de abastos municipal a dona María del Carmen Filgueira Crespo con DNI n.º 35324992-M polo canon ofertado que ascende a NOVE MIL CINCO EUROS (9.005 €).

Antes da formalización da concesión a adxudicataria deberá facer efectivo o importe do canon ofertado no n.º de conta 2080 5022 15 3110008929.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada e dar traslado do mesmo aos departamentos municipais de Apio Xurídico, Intervención e Tesourería.

Cangas, 10 de abril de 2014

O ALCALDE

Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

5º.- PROPOSTAS S/RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POR DENEGACIÓN DE PRÓRROGA DE LICENZA DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

5.A) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR MARÍA DE LOS ÁNGELES RODRÍGUEZ IGLESIAS, CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24/02/2014, POLO QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR MARÍA DE LOS ÁNGELES RODRÍGUEZ IGLESIAS CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24/02/2014 POLA QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

- 1.- María de los Ángeles Rodríguez Iglesias presentou o 02/01/2014 solicitude de renovación da licenza de venda ambulante da que era titular.
- 2.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24/02/2014 acordou declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante da que era titular o interesado por no presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.
- 3.- O acordo anterior foille notificado ao interesado o 4/03/2014 con indicación dos recursos procedentes.
- 4.- Con rexistro de entrada no Concello de Cangas do 04/04/2014 o interesado presentou recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local citado alegando que "o dicente intentou presentar a referida solicitude de renovación o día 30 de decembro a última hora da mañá, dentro do horario habitual das oficinas de Rexistro, se ben se atopou co problema de que o Concello adiantara ese día o horario de peche con motivo das festas de Nadal, motivo polo cal non tivo máis remedio que presentala o primeiro día hábil seguinte." Engadindo que "Se ben é certo que nas bases e normativa aplicable figura como último día do prazo o 30 de decembro, tamén o é que en ningún momento se advirte que o horario do último día do prazo se verá reducido por mor das festas de Nadal.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

- I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013)

prevé no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá dende o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- O día 30 de decembro de 2013 non houbo redución do horario de apertura do Concello pero nin moito menos do horario de apertura do Rexistro Xeral que se mantén inalterable durante todo o ano aínda nos casos en que si se reduce a xornada do Concello e aínda tería a posibilidade fóra do horario establecido de recorrer a outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992.

III.- O órgano competente para a resolución do presente recurso é a Xunta de Goberno Local segundo os artigos 116 da Lei 30/1992 e 15 do Regulamento vixente.

En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por D^a. María de los Ángeles Rodríguez Iglesias fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/02/2014.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución aos interesados advertíndolle que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

Cangas, 10 de abril de 2014

A Concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo

Asdo.: Berta Pérez Hernández

5.B) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR SERAFÍN PAZOS RODRÍGUEZ, CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24/02/2014, POLO QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE.

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR SERAFÍN PAZOS RODRÍGUEZ CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA

24/02/2014 POLA QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

1.- Serafín Pazos Rodríguez presentou o 02/01/2014 solicitude de renovación da licenza de venda ambulante da que era titular.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24/02/2014 acordou declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante da que era titular o interesado por no presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

3.- O acordo anterior foille notificado ao interesado o 4/03/2014 con indicación dos recursos procedentes.

4.- Con rexistro de entrada no Concello de Cangas do 04/04/2014 o interesado presentou recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local citado alegando que "o dicente intentou presentar a referida solicitude de renovación o día 30 de decembro a última hora da mañá, dentro do horario habitual das oficinas de Rexistro, se ben se atopou co problema de que o Concello adiantara ese día o horario de peche con motivo das festas de Nadal, motivo polo cal non tivo máis remedio que presentala o primeiro día hábil seguinte." Engadindo que "Se ben é certo que nas bases e normativa aplicable figura como último día do prazo o 30 de decembro, tamén o é que en ningún momento se advirte que o horario do último día do prazo se verá reducido por mor das festas de Nadal.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá dende o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- O día 30 de decembro de 2013 non houbo redución do horario de apertura do Concello pero nin moito menos do horario de apertura do Rexistro Xeral que se mantén inalterable durante todo o ano aínda nos casos en que si se reduce a xornada do Concello e aínda tería a posibilidade fóra do horario establecido de recorrer a outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992.

III.- O Órgano competente para a resolución do presente recurso é a Xunta de Goberno Local segundo os artigos 116 da Lei 30/1992 e 15 do Regulamento vixente.

En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por Serafín Pazos Rodríguez, fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/02/2014.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución aos interesados advertíndolle que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

Cangas, 10 de abril de 2014

A Concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo

Asdo.: Berta Pérez Hernández

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

6º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

6.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
JUANA BARREIRO RIAL DNI Nº 31.827.016-F	Baixada a Areacova, nº 56- Aldán	Baixada a Areacova, nº 56- Aldán
MÓNICA CABRAL FUENTES DNI Nº 53.113.127-D	As Gruncheiras, nº 21-Coiro	As Gruncheiras, nº 21-Coiro. De conformidade co informe da Policía Local do día 7.4.14, non se autoriza o pintado de liñas amarelas; polo que se ordena a eliminación de liñas amarelas pintada sen autorización no referido lugar.

6.A.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE PASAXE PERMANENTE

Examinado o informe emitido o día 14.4.14 pola Policía Local, referente a solicitude de CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, con enderezo en Parada, nº 44-Coiro, na que demanda autorización para a instalación de pasaxe permanente no referido lugar, que di o seguinte:

"Nº REX: 722/14

ASUNTO: SOLICITUDE DE VADO EN PARADA Nº 44 DE COIRO

A Xefatura da Policía Local de Cangas, por medio do presente informe fan constar:

Que vista a solicitude presentada por Concepción Fernández Fernández, e sendo as 16:30 horas do día da data, presentados os axentes co nº de identificación 052024 é 052027, no lugar, púidose comprobar que na entrada que dá acceso ás vivendas nº 44 e 43, hai un portal colocado.

Que por parte da xefatura a efectos de acceso non hai problema; pero tense coñecemento da existencia dun conflito veciñal entre os usuarios da entrada, mantendo diferenzas sobre a titularidade pública ou privada desta. Actualmente hai denuncias no Xulgado de Cangas sobre este asunto.

Que por parte dos Servizos Xurídicos ou do departamento de Urbanismo do concello deberase determinar se o portal está colocado no límite da propiedade coa vía pública ou se está en terreo privado, e así poder acceder ao solicitado.

Que se achega copia do informe nº 700/14 coa reportaxe fotográfica, estando a día de hoxe a mesma situación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente.

6.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SEGURIDADE VIARIA NA SERRA DE POENTE

Examinado o informe emitido o día 4.4.14 pola Policía Local, referente a solicitude de RAÚL VELLOSO LAGO, con enderezo na Serra de Poente, nº 1-A-Darbo, na que reclama sinalización para a seguridade da zona, que é como segue:

"Nº Rex. 668/14

ASUNTO: FALTA DE SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DA SERRA DE PONENTE, Á ALTURA DO Nº1.

O Policía Local de Cangas, con NIP 052023, por medio do presente, informa: que a instancia de RAÚL VELLOSO LAGO, DNI 36067585-C, veciño de Cangas, con enderezo na Serra de Poente, nº 1A, na que denuncia a falta de seguridade viaria a carón de onde reside, debido á configuración da vía e pola velocidade excesiva con que circulan algúns condutores cos seus vehículos, solicita que se tomen medidas por parte do concello encaminadas a dar maior seguridade aos peóns que transitan polo lugar e o resto dos condutores que circulan por esa zona.

Que unha vez no lugar, pódese comprobar que o tramo en concreto é estreito, de aproximadamente 5 metros de ancho, no que non existen beirarrúas, e onde os peóns e os vehículos, en dobre sentido de circulación, comparten a zona de tránsito. Por outra banda o tramo é curvo, onde a visibilidade é mala.

Que pódese comprobar, vendo estas características da vía, que a velocidade con que circulan os vehículos é excesiva, non existindo ningún tipo de limitación, pero tendo en conta a proximidade de vivendas a ambos lados da vía non debería en ningún caso exceder os 50 km/h.

Que unha vez indicado todo isto, considera que por parte do Concello de Cangas, se deberían tomar as medidas oportunas para procurar limitar ou reducir a velocidade dos vehículos que circulan pola zona e así darlle máis seguridade a peóns e o resto de usuarios da vía.

Que se debería limitar a velocidade aos vehículos con sinalización vertical a unha velocidade que non exceda de 30 km/h, e implantar un badén ou paso de peóns con redutor de velocidade para que os condutores adecúen a velocidade ao aproximarse á zona indicada anteriormente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL S/APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 17 PEÓN S AO ABEIRO DO "PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO".

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Visto o Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 21/03/2014 de concesión dunha axuda ao abeiro do "Plan de Provincial de Emprego 2014" para a contratación laboral temporal a tempo parcial de 25 horas semanais e por un período de seis meses por obra ou servizo de 17 persoas desempregadas maiores de

trinta anos preferentemente non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA) inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, sendo os traballos a desenvolver de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e benestar dos veciños. Por parte desta concellería se procede a dar inicio á tramitación do expediente administrativo conducente a aprobación das bases de selección, se convoquen as prazas e se proceda a provisión das referidas prazas.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aproba-las bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 16.06.2011, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Aproba-las bases de selección para a contratación de 17 peóns ao abeiro da subvención outorgada por Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 21/03/2014 no eido do "Plan Provincial de Emprego". Bases que acompañan como anexo a presente proposta de resolución.

SEGUNDO: Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal a tempo parcial de 25 horas semanais e por un período de seis meses e cumprindo cos restantes requisitos dispostos no acordo citado polo que se outorga a subvención.

TERCEIRO: Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

Cangas, 9 de abril de 2014

A CONCELLEIRA

Asdo. Lucía Lede Fernández
ANEXO

BASES PARA A SELECCIÓN DE DEZASETE PEÓNS SEGUNDO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 21/03/2014 DE CONCESIÓN DE AXUDAS NO "PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2014"

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 17 peóns, nivel de clasificación grupo 4, para os servizos que a continuación se pormenorizan:

- 4 peóns forestais para o Servizo de limpeza e desbroce do entorno dos xacementos arqueolóxicos, especialmente, Monte do Facho-Donón.
- 5 peóns agrícolas para o servizo de desbroce - limpeza de espazos públicos.
- 6 peóns varredores para o servizo de limpeza viaria.
- 2 peóns albaneis para o servizo de apoio á Brigada de Obras do Concello.

A contratación se realizará en réxime laboral, a xornada parcial de 25 horas semanais, por un período de seis meses, coas retribucións derivadas da aplicación do acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 21/03/2014 ascendendo a 502,16 euros brutos mensuais por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional de pagas extras.

Efectuada a selección dos traballadores/as, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (modelo 501).

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos trinta anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Por encadrarse no nivel de clasificación do grupo E, non se require titulación (DA 7ª EBEP).
- Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego expedida polo INEM, e ser remitido por este para participar neste proceso selectivo.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a mesma.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte. Igualmente se se comproba que algún dos candidatos non reúne as condicións esixidas no apartado segundo das presentes bases quedará excluído do proceso selectivo.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME

Os aspirantes quedan convocados para o inicio do proceso selectivo o vindeiro 23 de abril de 2014 ás 10 h da mañá no Salón de Plenos do Concello de Cangas.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTE: M^a. Carmen Rodal Sotelo

SECRETARIO: Fabián Fernández Gómez

Vocal 1º: Carmen Gómez Cancela

Vocal 2º: Benito Freire Argibay

Vocal 3º: Manuel Vidal Rajó

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse con media hora de antelación á do inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

SÉPTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A proba da oposición consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal relativos as técnicas de traballo e ferramentas a utilizar polos peóns en cada servizo.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este desfarase mediante a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e ferramentas a utilizar polos peóns en cada servizo cos aspirantes empatados.

A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser

cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50 % do total posible que serían chamados por orde de puntuación.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ó público no taboleiro de anuncios do concello dende a data da súa aprobación, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin o procedemento.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA.- NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.”

8.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL S/APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PATRÓNS E 15 SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO DAS PRAIAS DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2014.

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

O concelleiro de Medio Ambiente, Mar, Praias e Mancomunidade de Concellos do Morrazo por mor do comezo da tempada de verán de 2014 solicitou desta Concellería que se tramitase o expediente para a contratación de un patrón e trece socorristas que prestarán os servizos de salvamento nas praias de Cangas por un período de dous meses e quince días, por parte desta concellería se procede a dar inicio á tramitación do expediente administrativo a tal efecto para que unha vez concluída se adopte o acordo polo que se aproben as bases de selección, se convoquen as prazas e se proceda a provisión das referidas prazas.

A contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial cal é o da seguridade pública, contido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local. Seguridade que se vería comprometida nas praias deste Concello pola importante afluencia de bañistas que reciben durante a tempada estival o que obriga a que cando menos as praias que reciben máis usuarios estean dotadas de servizos como o de socorristas que poidan dar resposta as necesidades en materia de salvamento derivadas desa importante afluencia. Trátase dun suposto de contratación excepcional pois Cangas non conta con medios destinados con carácter xeral á cobertura deste servizo dun xeito permanente e a contratación que se pretende só cubriría o servizo durante a tempada de verán coincidindo coa tempada de baño.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aproba-las bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 16.06.2011, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Aproba-las bases de selección para a contratación de 3 patróns e 15 socorristas que estarán destinados ao servizo de salvamento das praias durante a tempada de verán do ano 2014.

Bases que acompañan como anexo a presente proposta de resolución.

SEGUNDO: Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal na modalidade de obra ou servizo para o servizo de salvamento nas praias de tempada de verán 2014.

TERCEIRO: Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

Cangas, 8 de abril de 2014

A CONCELLEIRA

Asdo. Lucía Lede Fernández

ANEXO

“BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PATRÓNS E 15 SOCORRISTAS AFECTOS Ó SERVIZO DE SALVAMENTO NAS PRAIAS, NO CONCELLO DE CANGAS PARA O ANO 2014.

PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 3 patróns e 15 socorristas que estarán destinados ao servizo de salvamento das praias durante a tempada de verán do ano 2014.

A contratación será de carácter laboral e temporal, de acordo coas condicións establecidas no artigo 3 do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. cunha duración de dous meses e quince días, en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual, parte proporcional das pagas extras incluída, de 1207,73 euros para os patróns e de 1126,23 euros para os socorristas. A duración do contrato contarase a partir da data da sinatura do contrato, podendo ser reducida proporcionalmente a duración inicialmente prevista se a data de inicio vai máis alá do 01 de xullo do presente ano 2014.

Cos aspirantes que tendo superado a fase de oposición, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de oposición libre.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.cangas.org) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases ademais de publicarse un anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán/a español/a ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión do título de graduado escolar, FPI ou equivalente.
- e) Estar en posesión do título de patrón de navegación básica PNB ou superior, (para as prazas de patrón) cumprir co disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (para as prazas de socorrista).
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade

CUARTA – SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS.

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro de Xeral de Entrada do Concello de Cangas no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no boletín oficial da provincia e en horario de atención ao público de 9:30h a 13:30h. Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial marcando a referencia PRAZA DE PATRÓN/ PRAZA DE SOCORRISTA e incluíndo nome, apelidos, domicilio, a efectos de notificación, e teléfono.

Este modelo inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base novena. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

Xunto coa instancia no modelo oficial presentárase o resguardo acreditativo do pagamento das taxas, fotocopia cotexada do DNI e copia cotexada da titulación requirida nas bases, académica e específica, a este respecto no caso dos socorristas deberán presentar copia cotexada da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia que se teña presentado en aplicación do Decreto 104/2012 (anexo III do Decreto co selo de rexistro de entrada cunha antigüidade non superior a tres meses) e titulación de socorrista acuático con un mínimo acreditado de 80 horas. Titulación obtida en organismos oficiais ou debidamente homologados por

estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada. A solicitude de inscrición e titulación de socorrista acuático poden ser substituídos pola presentación do carné de socorrista en espazos acuáticos naturais emitido de acordo co Decreto 104/2012.

A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.

Toda a documentación aportada deberá presentarse cotexada co orixinal.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA – DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son 8,52 €.(deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello)

SEXTA – ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

SÉTIMA . TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

A composición efectiva do tribunal, así como a data de celebración dos exercicios farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

OITAVA – FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

ASPIRANTES A PATRÓNS

PROBA ESCRITA

No día, hora e lugar sinalados na resolución pola que se aprobe o listado provisional deberán presentarse tódolos aspirantes a patróns para realizar a proba teórica. Consistirá na realización dun exame tipo test de 25 preguntas con 3 alternativas de resposta cada unha que versará sobre o temario do Anexo I no tempo que fixe o Tribunal de selección antes do inicio da proba. A puntuación máxima na proba teórica será de 50 puntos sendo necesario obter 25 puntos para superar a proba.

PROBA PRÁCTICA

Unha vez publicadas as puntuacións da proba escrita, os que superen a mesma, serán citados para a proba práctica, de carácter eliminatorio nos pantaláns do Porto Deportivo de Cangas, que versará sobre o manexo da embarcación, manobras de ataque e desataque, entrada e saída en praia e en porto, nas condicións esixidas polo Tribunal. A puntuación máxima na proba práctica será de 50 puntos sendo necesario obter 25 puntos para entender superada a mesma.

ASPIRANTES A SOCORRISTAS

PROBA ESCRITA

No día, hora e lugar sinalados na resolución pola que se aprobe o listado provisional deberán presentarse tódolos aspirantes a socorrista para realizar a proba teórica.

Consistirá na realización dun exame tipo test de 25 preguntas con 3 alternativas de resposta cada unha que versará sobre o temario do Anexo I. A puntuación máxima na proba teórica será de 50 puntos sendo necesario obter 25 puntos para superar a proba.

PROBA PRÁCTICA

Unha vez publicadas as puntuacións da proba escrita, os que superen a mesma, serán citados na praia de Rodeira para realizar unha proba práctica eliminatoria que consistirá en correr 200 metros, entrar no mar e nadar uns 50 metros para recoller un moneco de rescate acuático, remolcalo coa técnica adecuada ata a orilla e sacalo da auga ata o punto sinalado polo Tribunal. A proba terá unha puntuación máxima de 50 puntos resultando preciso lograr 25 puntos para non quedar eliminado. O Tribunal antes do comezo da proba estipulará os tempos requiridos, tempo máximo para a execución da proba para mulleres e homes. A puntuación dependerá do tempo mínimo establecido en función das circunstancias meteorolóxicas aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos tomando como referencia o do aspirante que obtivera o mellor tempo.

NOVENA – DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final. Esta será a suma da puntuacións da Oposición. O Tribunal, a vista dos resultados e puntuacións totais, propondrá ao órgano competente o nomeamento dos aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superalo número de aprobados o das prazas convocadas.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate, dirimirase mediante sorteo.

DÉCIMA – INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que se deriven da aplicación das presentes bases, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDECIMA – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Do mesmo xeito a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.”

ANEXO I

TEMARIO

TEMA 1. O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. DIFERENTES TIPOS DE ADMINISTRACIÓN CENTRAL, AUTÓNOMICA, LOCAL E INSTITUCIONAL

TEMA 2. ADMINISTRACIÓN LOCAL. A SUA CONFIGURACIÓN NA CONSTITUCIÓN. ESPECIAL REFERENCIA AO MUNICIPIO. CONCEPTO E ELEMENTOS. ORGANIZACIÓN MUNICIPAL : O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS COMISIÓNS INFORMATIVOS

TEMA 3. A ACTUACIÓN EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA. NORMATIVA EN MATERIA DE EMERXENCIAS. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CANGAS

TEMA 4. A ORDENANZA DE USO E DISFRUTE DAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE CANGAS (BOP 25/08/2009). A XEOGRAFÍA E TOPONIMIA DO CONCELLO DE CANGAS AS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS: RELACIÓN E SITUACIÓN FÍSICA.

TEMARIO ESPECIFICO PATRÓNS

TEMA 5. PATRÓN DE NAVEGACIÓN BÁSICA E MANEXO DE EMBARCACIÓNS.

TEMARIO ESPECIFICO SOCORRISTAS

TEMA 5. PRIMEIROS AUXILIOS E SOCORRISMO EN ESPACIOS ACUATICOS.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE PATRÓNS E SOCORRISTAS, ANO 2014.

PRAZA:

£ PATRÓN

£ SOCORRISTA

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo de patróns e socorristas para o ano 2014 convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre tódolos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2014

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

£ A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.

£ Fotocopia cotexada do D.N.I.

£ Fotocopia cotexada da titulación esixida (académica e específica).

£ Xustificante acreditativo do pago das taxas.

ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS"

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA A MELLORA DOS MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS, ASÍ COMO, DOS ESPAZOS DO COMERCIO NON SEDENTARIO, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PARA O ANO 2014. (IN223A)

Examinada a proposta da Alcaldía do día 14.4.14, referente a solicitude de subvención á Consellería de Economía e Industria para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, como tamén dos espazos de comercio non sedentario, que di o seguinte:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA A MELLORA DOS MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS, ASÍ COMO DOS ESPAZOS DO COMERCIO NON SEDENTARIO, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PARA O ANO 2014 (IN223A)

Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria do día 12 de marzo de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como, dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Vistas as necesidades, redáctase polo arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez, proxecto denominado -Reparacións no Mercado Municipal-, polo importe total de 96.300,60 euros.

Visto que o Concello de Cangas reúne os requisitos que se especifican na orde citada e cos do artigo 10º da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra -Reparacións no Mercado Municipal-, redactado polo arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez, polo importe total de NOVENTA E SEIS MIL TRESCENTOS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (96.300, 60 €) incluído o IVE.

Segundo.- Solicitar ao abeiro da Orde do 12 de marzo de 2014, unha subvención para a execución das obras de -Reparacións no Mercado Municipal-, segundo o seguinte desglose:

Denominación obra	Orzamento total con IVE	75% subvención solicitada	25% aportación municipal
Reparacións no Mercado Municipal	96.300,60 €	72.225,45 €	24.075,15 €

Terceiro.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente, por acordo de Pleno de data 11 de xuño de 2011, José Enrique Sotelo Villar, con DNI 35285485N, para que asine solicitude de subvencións e cantos documentos sexan precisos para o cumprimento da orde de solicitude.

Cuarto.- Remitir o presenta acordo á Delegación Provincial da Consellería de Economía e Industria, achegando a documentación que sinala a orde citada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente

a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Consellería de Economía e Industria para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, como tamén dos espazos de comercio non sedentario.

B) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "PÍAS-FRANCÓN" S/SINALIZACIÓN

Examinada a solicitude do día 10.4.14 presentada pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "PÍAS-FRANCÓN", con enderezo en Baixada a Francón, nº 27-Aldán, en demanda de sinalización no lugar de Baixada a Francón para regular o tráfico na referida zona.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a solicitude da referida asociación de veciños, e que por parte da Policía Local se proceda a sinalizar a zona.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente